

ACTA

Mesa de coordinación externa do programa CAI

Mesa comunitaria

30 de outubro de 2024

Hora: 12,30h

Lugar: Salón de Plenos do concello de Teo

Orde do día:

1. Aprobación da orde do día da última xuntanza da Mesa de 21 de febreiro de 2024
2. Informaci3ns varias sobre o programa Ciudades Amigas da Infancia (Resoluci3n administrativa desta mesa, comezo de curso do grupo de participaci3n infantil e sesi3ns nos centros educativos, ...)
3. Posta en com3n das actuaci3ns en materia de infancia e adolescencia das entidades presentes, e presentaci3n de entidades e do seu traballo (Fonte da Virxe, ...)
4. Presentaci3n do proxecto <https://labsbibliotecarios.es/>
5. Outros

Deliberaci3ns:

1. Aprobaci3n da orde do d3a da 3ltima xuntanza da Mesa de 21 de febreiro de 2024. Relemos a acta incidindo nos 3 obxectivos do plan de infancia que te3nen que ver co funcionamento desta mesa: a renovaci3n de persoas que forman parte da Mesa Comunitaria, seguimento da execuci3n do plan de infancia e fortalecer unha rede comunitaria que act3e como factor de prevenci3n da sa3de mental na infancia e adolescencia. Preg3ntase sobre se recibiron os diplomas de participaci3n da universidade, constat3ndose que algunhas persoas non o recibiron e inst3ndose a que o comuniquemos 3 UDC. Inf3rmase da finalizaci3n do convenio que posibilitou esta formaci3n en dereitos da infancia.

2. Informaci3ns varias sobre o programa Ciudades Amigas da Infancia (Resoluci3n administrativa desta mesa, comezo de curso do grupo de participaci3n infantil e sesi3ns nos centros educativos, ...) Eva comenta que se lles enviou a Resoluci3n de creaci3n desta Mesa que vi3a funcionando con anterioridade pero que formalmente se crea con data de 19 de xu3no de 2024. Sobre o comezo de curso do grupo de participaci3n infantil informa da inversi3n de idade do grupo este ano, destacando a s3a caracter3stica como espazo seguro e a s3a

inclusividade, así como que a campaña que este ano desenvolve UNICEF sobre a conmemoración do *Día Universal dos dereitos da infancia* o día 20 é precisamente sobre o dereito á participación infantil e adolescente baixo o hastag #somosinfancia. Tamén fala sobre a apertura pública do Consello Local de infancia e adolescencia o día 20 no Auditorio da Ramallosa coa participación dos grupos de 6º de primaria dos centros educativos do concello e ao que están todas convidadas. Explícase que nas actividades do grupo de representación infantil e adolescente se está facendo unha identificación de espazos de participación dentro do concello, e que este sería un tema a repensar en común, se as súas entidades contemplan dalgún xeito a participación da infancia e adolescencia na súa xestión, e ponse como exemplo o proxecto que hoxe nos vai comentar Alberto sobre a xestión das bibliotecas, e que figura como punto na orde do día. Infórmase de que tamén se fixo a formación en dereitos da infancia no mes de outubro nos centros educativos e instituto.

Sobre o funcionamento desta mesa un dos acordos era transmitir a información de xeito máis áxil a través do grupo de whatsapp e á pregunta sobre se a información sobre actividades para familias, infancia e adolescencia circula agora mellor, en xeral, opínase que sí, aínda que non sempre nos acordamos de compartir a información.

Sobre a necesidade de seguir formándonos como grupo para compartir unha linguaxe común, o grupo está dacordo en continuar a formación sobre o impacto das tecnoloxías na infancia e adolescencia.

3. Posta en común das actuacións en materia de infancia e adolescencia das entidades presentes, e presentación de entidades e do seu traballo (Fonte da Virxe, ...). Preséntanse as entidades e damos a benvida a Lois da entidade Fonte da Virxe, que ven hoxe como convidado e vaimos explicar a que entidade pertence e que como verán aínda que non é unha entidade que traballe con infancia e adolescencia sí traballa coas familias e isto ten incidencia directa nos fillos. Lois preséntase a el e á súa entidade, comentando a misión de Fonte da Virxe como asociación de familiares de persoas con diversidade funcional e de apoio á educación familiar pola súa parte, así como tamén ten o seu ámbito de actuación nas accións de prevención nos centros educativos en temas de saúde mental e dada a relevancia que están adquirindo ultimamente estas dificultades emocionais na infancia e adolescencia. Indica que nos institutos de Boimorto e Cruces hai dous grupos que funcionan ao longo do ano. Tamén fala da experiencia de Sigüeiro con escolares de primaria, neste caso, a formación é en dereitos asertivos con dinámicas grupais. En Arzúa tamén hai tempo que está funcionando unha reunión comunitaria específica en temas de saúde mental. Sinala o aumento de problemas de ansiedade e autolesións na adolescencia como unha preocupación á que hai que dar resposta. Animamos ao resto das persoas participantes para que cando interveñan falen tamén da posibilidade de facer espazos participativos nas súas entidades. Toma a palabra Alberto, técnico en cultura na Mediateca do Grilo e comenta a actividade de Fadateia 0-6 anos, e as actividades que teñen en concerto co instituto a través dos clubs de lectura. Charo, do plan de prevención de drogodependencias fala sobre os obradoiros que imparten nos centros educativos e indica que lle parece que é necesaria unha formación para a creación de Asociacións Xuvenís. Refire que este curso realizaron tamén unha escola de familias coa Concellería de Educación, pero pensa que este tema hai que repensalo para que asistan máis familias e as que máis o precisan. A representante de IGAXES, Chelo, fala da necesidade de que as accións dirixidas á infancia e adolescencia teñan unha repercusión e visibilidade na comunidade e unha incidencia social, é dicir, sirvan para transformar o seu entorno. Por parte

da ANPA da Ramallosa, Amaya refire as actividades que organizan: robótica, zumba, bocking, e teatro, de 1º a 6º de educación primaria e na que participan 15 rapaces e rapazas. Apunta a necesidade de actividades sobre educación sexual e de prevención do acoso escolar. Fala tamén do escape room de Igualdade que organizaron coa concellería de Igualdade. Pola parte de Servizos Sociais comentamos a Campaña de nadal que se vai abrir desde novembro e ata o 15 de decembro para que a veciñanza aporte bonos de 5 euros nos establecementos de Pernas, A vagoneta educativa e Librería Ana para poder agasallar ás nenas, nenos e adolescentes en situación de vulnerabilidade. Ademais tamén se indica que polo día dos dereitos humanos o día 10 de decembro se vai realizar unha actividade dirixida a alumnado de 4º de primaria sobre os dereitos da infancia en Mozambique, en especial, o dereito á educación e o dereito á saúde, e que incluírá a proxección dunha curtametraxe documental e unha actuación de danza africana. Sobre os temas que foron saíndo van xurdindo algunhas reflexións e propostas como aproveitar reunións de temas atractivos ou lúdicos e neses espazos ofertar aulas de familias, ou por exemplo, poñendo xogos hinchables para atraer ás familias. Tamén se propón que membros das Toupas de Teo participen nas reunións desta Mesa Comunitaria.

6. Presentación do proxecto <https://labsbibliotecarios.es/>) Alberto comenta que este proxecto busca metodoloxías, espazos e actividades de participación cidadá desde un novo modelo de concepción das bibliotecas. O obxectivo é que se decida desde que se quere facer nas bibliotecas ata o tipo de compras que hai que facer. Vaise repensar o modelo de bibliotecas e para iso vanse facer diferentes xuntanzas con axentes comunitarios, polo que as Toupas de Teo poderían ser un deses axentes.
7. Outros. Non hai

Dase por finalizada a sesión ás 14,00h.

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 30 de outubro de 2024.